



CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Estimadas familias:

Coincidindo co inicio dun novo curso, a Xunta Directiva da Anpa As Brañas quere convocar a todos os pais e nais do CEP de Ventín á Asemblea Xeral que terá lugar no **Auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro** o vindeiro mércores **19 de setembro**.

A reunión comezará ás **20:00 horas (20:15 h. en segunda convocatoria)** coa seguinte orde do día:

- 1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da última asemblea.
- 2) Presentación e aprobación se procede das contas da entidade.
- 3) Oferta de actividades extraescolares para o próximo curso: proposta de actividades, tarifas, novos horarios e información sobre o proceso de matrícula.
- 4) Xunta Directiva: Notificación dunha baixa por cambio de centro escolar e proposta para aprobación da renovación da Directiva actual mediante o proceso de substitución por outro membro da Directiva.
- 5) Comunicación de solucións aportadas polo Concello no servizo de comedor e melloras realizadas no centro escolar.
- 6) Rogos e preguntas.

Agardando a vosa asistencia e colaboración, recibide un cordial saúdo.

A directiva da Anpa As Brañas